


Alén do Resío



Bibliotecas
escolares
de Galicia



PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO



XUNTA
DE GALICIA

CEIP. VIRXE DO ROCÍO
CÓD. 36010009



a.Introdución.

O Proxecto educativo de centro levado a cabo no presente curso escolar foi **"Alén do Resío"**. Este proxecto inter disciplinar, elixido pola maioría do profesorado a finais do curso pasado, foi programado verticalmente e desenvolvido durante todo o curso, polo **alumnado**(195) e o **profesorado**(16) da escola, dende o cuarto curso da educación infantil ata o sexto curso de primaria.

Contextualización. A nosa escola, CEIP VIRXE DO ROCÍO, atópase nunha das sete grandes cidades galegas, Vigo, polo que o noso alumnado vive inmerso nunha paisaxe urbana, rodeada de edificios, vehículos,... Situado no barrio vigués que leva o mesmo nome, entre os barrios de Coia e Bouzas. Somos unha escola en movemento, non estamos parados, participamos en moitos proxectos promovidos pola Consellería e outros Organismos Públicos, e procuramos a implicación das familias en todo o relacionado coa vida escolar. Dende o curso 2006/2007 (Plambe 2), formamos parte da Rede de Centros Integrados no Plan de Mellora da Bibliotecas Escolares, polo que, nos últimos quince anos levamos traballando a través de Proxectos Documentais Integrados. Pero non só iso, tratamos tamén de achegar as nosas tradicións e a nosa lingua, apostando a vez, polas novas tecnoloxías no quefacer diario.

O cadro do profesorado é case fixo, o que fai que podamos desenvolver un proxecto educativo serio. Ás poucas novas incorporacións, éelles moi doado continuar a liña educativa marcada.

No ámbito da comunidade educativa temos a sorte de contar cunhas familias que colaboran nas diferentes propostas educativas que se lanzan dende o centro. Por todo isto temos o convencemento de que familias e mestres camiñamos polo mesmo vieiro do coñecemento e da aprendizaxe.

Obxectivos

- Ampliar o **vocabulario** galego relacionado co mundo das cidades.
- Animar á colaboración e **participación das familias** no desenvolvemento do proxecto.
- Ampliar as destrezas do **alumnado** e das súas **familias** no uso das **TIC**, tanto na busca da información, como na produción de materiais: procesador de textos, presentacións, impresión 3D, robótica, gravación de vídeo, fotografía, gravación de audios, interpretación de códigos QR...
- Desenvolver a capacidade de **comunicación oral** mediante exposicións en público e diante dunha cámara.
- Desenvolver máis amplamente a capacidade de **colaboración e cooperación**.
- Continuar a crear espazos para a aprendizaxe manipulativa, a investigación e a creación.

Aspectos curriculares

No desenvolvemento deste proxecto integramos todas as competencias clave nas diferentes actividades e tarefas que levamos a cabo. Traballamos a competencia na Comunicación Lingüística (CCL), fomentando a expresión oral a través das exposicións dos diferentes proxectos, comprensión lectora mediante a busca de información, expresión escrita na realización dos traballos. Tiveron que planificar, intercambiar opinións cos compañeiros, negociar, ensaiar, aprender a enfrontarse a unha cámara, a escoitarse e ser escoitado... ser quen de asociar, adiviñar, e unir as imaxes cos libros de Jules Verne.

Tamén buscamos o desenvolvemento da **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (CMCT) realízanse medicións, de tempos de espazos, traballáronse as proporcións, no deseño de figuras para a impresión 3D. Así mesmo traballouse a planificación, investigación e comunicación de resultados. En definitiva baseámonos no método científico no que a observación, a análise e a recollida de datos foi fundamental, sen esquecer os da experimentación.

Desenvolver a **Competencia dixital** (CD) a través da busca de información, produción e difusión dos traballos. Convertemos as nosas gravacións nun código QR, e fomos léndoas na exposición de camisetas no proxecto [ESTENDENDO VIGO](#). Fixemos a presentación de expertos, traballamos na radio, fixemos o guión e gravación dunha película, utilizamos o croma.

Todo isto estimulou a aprendizaxe do alumnado. O que buscamos, como o buscamos, para que o buscamos, en definitiva desenvolvemos a **competencia de Aprender a aprender**, eixo fundamental do proxecto sen esquecermos das **Competencias sociais e cívicas** (CSC), do **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor** (CSIEE) e da **Conciencia e expresións culturais** (CCEC). Búscase que o alumno desenvolva un pensamento crítico e creativo onde a aprendizaxe cooperativa ten que primar por diante de calquera outro obxectivo.

Vencellamos o proxecto cos obxectivos do desenvolvemento sostible (ODS), axenda 2030

- ODS 4: EDUCACIÓN DE CALIDADE
- ODS 5: IGUALDADE DE XÉNERO
- ODS 9: INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUCTURA
- ODS 10: REDUCCIÓN DE DESIGUALDADES
- ODS 11: CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES
- ODS 17: ALIANZA PARA LOGRAR OS OBXECTIVOS

b.Obxecto ou temática de investigación propostos.

Este ano decidimos quedar na nosa cidade para coñecela un pouco mellor. Agardabamos, e por sorte así foi, poder pasear e airearnos un pouco. Como di o noso alcalde “Vivimos nunha cidade fermosa”, e nós engadimos: “pero non a coñecemos”. Así que a nosa proposta foi animar ás familias da escola a camiñar Vigo e coñecer o máis posible dela, o que fixeron, como xa nos teñen acostumados, moi ben.

ALÉN DO RESÍO, serviu de desculpa para o traballo de investigación, lecturas e desenvolvemento do noso alumnado adentrándoos na cidade na que viven, e mostrándolles todos os recursos cos que contan na súa contorna. Con este tema viaxamos no tempo e no espazo e coñecemos o lugar onde vivimos, a nosa casa, a nosa escola, a nosa cidade e a súa historia, o rueiro e o plano da nosa cidade, ríos, parques e xardíns, os símbolos, a división territorial, as parroquias, ...

Nos primeiros días do curso escolar, os mestres reunímonos para organizar todas as actividades deseñadas de cara a este proxecto, cun calendario de posibles datas para a súa realización. Distribuímonos en equipos de traballo e repartíronse as actividades entre uns grupos e outros. Comezado o curso escolar, xa co alumnado nas aulas, o primeiro que fixemos foi axeitar o recibidor da nosa escola ao tema anual. Convertémonos en pintores e fixemos un gran mural **"Alén do Resío"**; e cada aula elixiu un tema. A distribución é a que segue:

CURSO	TEMA ANUAL
4º EI	OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN VIGUESES
5º EI	AS ESCULTURAS DE VIGO
6º EI	FLORA, FAUNA , PARQUES E XARDÍNS VIGUESES
1º EP	VIGO, CIDADE DE COR
2º EP	A INDUSTRIA E COMERCIO VIGUÉS
3º EP	FESTAS E EVENTOS DE INTERESE
4º EP	OS MEDIOS DE TRANSPORTE VIGUESES
5º EP	A HISTORIA DE VIGO
6º EP A	AS PARROQUIAS DE VIGO
6º EP B	A ARQUITECTURA VIGUESA

Dende as aulas activouse, como en anos anteriores, unha motivación especial. Buscamos que o noso alumnado se familiarice cos mecanismos de busca de información empregando para iso os recursos documentais da biblioteca escolar.

Picolindo contactou con todo o alumnado a través do seu blogue ([O Blogue de Picolindo](#)) pero ademais, quixo que todos aprendésemos cos seus descubrimentos por iso, retounos con probas. Nestes xogos conseguen Pikeuros, moeda oficial da biblioteca, por participar nos xogos que propón, polos corredores. Moitas veces tamén conseguen un [RAÑA E GAÑA](#).

O desenvolvemento das actividades, con carácter transversal, levouse a cabo, na súa maior parte, a través das aulas de titoría, apoiadas polas aulas de educación musical, educación plástica, a aula de tecnoloxías da información e da comunicación e coordinadas coa biblioteca do centro. Pero o proxecto chegou máis aló, invadiu a vida diaria do centro con actividades que permitiron ao alumnado descubrir o mundo no que se desenvolve.

A metodoloxía foi inclusiva, activa e participativa. O alumnado foi o principal protagonista na toma de decisións, fomentando o traballo en equipo. A radio escolar foi un vehículo moi importante para o desenvolvemento do mesmo. Deixamos aquí unha mostra dos programas de [RADIO RESÍO](#)

Ao longo de todo o curso estivemos a traballar co Sementando Palabras , dándolle pulo á [PALABRA DO DÍA](#), coa que tentamos facilitar o acceso ao vocabulario temático aprendendo cada día unha palabra nova sobre a cidade na que vivimos e traballándoa gramaticalmente. Esta actividade non só foi dirixida ao alumnado senón tamén ao profesorado. Todos os días, ao comezar á mañá, o responsable de normalización lingüística foi o encargado de escribir a palabra xunto coa súa definición. Os mestres deberon compartir esa palabra cos seus alumnos na aula.

Ao finalizar o curso, temos o noso dicionario temático da cidade. Utilizáronse paraugas, típicos na nosa terra para escribir todas e cada unha das palabras traballadas ao longo do curso escolar e foron colgándose no recibidor da escola.



O desenvolvemento deste proxecto veuse concretado nun calendario anual e terá o seu momento especial cando polo mes de abril, e coincidindo co mes dos libros, os nosos alumnos e alumnas se converten en "[EXPERTOS](#)" no tema "Alén do Resío", na nosa cidade, no que se exporán, perante o resto dos compañeiros de escola as aprendizaxes con queridas ao longo deste proxecto. Esta foi a [XII Edición de Expertos](#), e a primeira da "nova normalidade" dunha actividade que tivo que ser cancelada hai dous cursos e que o pasado curso escolar pola pandemia tivo que ser retransmitida grazas a utilización das novas tecnoloxías. Este curso, ademais de retransmitila, tivemos como público ao curso

do mesmo ciclo, polo que xa volveu a ter a esencia inicial. Esta actividade é unha tarefa de obrigado cumprimento polo éxito da mesma en todos os sectores da nosa Comunidade Educativa, e o gran reto que supón falar en público para os rapaces e vencer o medo escénico.

Estas [conferencias](#) permiten ao noso alumnado expresarse e falar en público co apoio do material dixital e plástico elaborado nas aulas. Estas conferencias son gravadas en vídeo co permiso das familias e son compartidas con toda a comunidade educativa a través do blogue da biblioteca "O BLOGUE DE PICOLINDO".

Posteriormente, a esta actividade engadimos outra, consistente en realizar cara a fin de curso, unha competición de "[Pasapalabra](#)" con todo o vocabulario desenvolvido na "Palabra do día" durante o ano. Nesta competición participa todo o alumnado de primaria e ten unha grande acollida por parte de todos os nenos. Co Pasa palabra aumenta o interese entre os rapaces en asumir o vocabulario da "Palabra do día", engadíndolle maior valor á actividade. Os mellores resultados clasifícanse para a gran final do [Pasapalabra](#). Esta é unha actividade avaliadora do proxecto.

c. Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta.

Colocamos na biblioteca unha exposición permanente de recursos sobre temas a tratar, moitos tiveron que ser mercados, pois é unha temática sobre a que carecíamos de bibliografía adecuada para o estudo.

Os corredores da escola foron enchéndose día a día de murais e traballos froito da investigación e do traballo en equipo do noso alumnado.

Establecemos unha temporalización baseada nos tres trimestres escolares:

1º Trimestre:

- Proposta do tema a tratar e traspaso das escrituras e do legón.
- Ambientación.
- Titorías co alumnado para a escolla da temática na que nos imos centrar.

- Recompilación e elaboración de listaxes de recursos para a celebración das festas tradicionais : Samaín (personaxes, lendas e tradición), Magosto e Nadal.
- Receita de [chulas de calacú](#) polo Samaín e elaboración de receitas na casa para vincular unha tradición da zona coa temática anual.
- Preparación das Mochilas Viguesas. Na escola, ademais da mochila lectora, a rapazada leva a súa casa a mochila da temática do PDI, tivemos mochilas científicas, mochilas ecolóxicas,... e este ano montamos no equipo de biblioteca as mochilas viguesas. Nelas, en función da idade do alumnado, Picolindo, a nosa mascota animou a pasear, imaxinar, en definitiva a pasar un tempo en familia e facer xuntos pequenas propostas: lectura dun conto, montar un puzzle, e un caderno ao que chamamos ["Por Vigo vou"](#). Con este caderno fixemos unha pequena guía turística de Vigo . As familias escolleron un lugar da cidade que lles gustaba, fórono visitar, buscárono no plano e completaron o caderno cun debuxo ou unha fotografía. Quedou xenial!. Con todas as colaboracións, creamos unha "Guía Reseira de Vigo"



Nesta mochila tamén se atoparon cun caderno chamado [" No Resío poemamos Vigo"](#) onde deixaron voar a súa imaxinación e inspirados polo [poema que nos escribiu o gran Antonio García Teixeira](#), convertéronse en grandes poetas e poetisas.

Cada mochila tiña un [inventario](#) de materiais.

- Producción do [calendario escolar](#). Con gravación de código QR na portada na que se explica a simboloxía do escudo maila bandeira da nosa cidade. Tamén se explica o lema.
- [Película "O Apagón"](#), alumnado do quinto curso de primaria.
- [Árbore colaborativa de Nadal](#). Como cada ano por estas datas pedimos a axuda das familias para adobiar a árbore de Nadal. Pedimos que fixeran un adorno de entre 5 e 8cm do material que quixeran e que tivera relación coa nosa cidade (unha escultura, un "vitrasa", un xardín, un edificio,). Con todos os adornos confeccionamos unha árbore ben identificativa de Vigo. Ademais do adorno, enviaron unha fotografía da familia do Nadal en Vigo, felicitándonos as festas. Paralelamente na escola, fixemos

unha [proposta STEAM](#) co alumnado, que tiñan que tirar unha foto en grupo diante do croma, e logo buscar unha imaxe navideña da cidade e colocala de fondo. Unha boa maneira de iniciarse na utilización deste programa.

- Proxecto ["Unha viaxe na nora"](#) quinto e sexto de primaria. [Traballo na aula.](#)

2º Trimestre:

- Obradoiros INSPIRA STEAM, no que se iniciaba ao alumnado nas novas tecnoloxías, e incitábase ao alumnado ás carreiras científicas, especialmente ás que hai en Vigo, e que son moitas e de moi bo nivel.
- Celebración do Día da Paz. Como todos os anos traballouse o concepto PAZ e na semana previa o alumnado recortou varias figuras a tamaño case real como as do mural dedicado a Gregorio Espino, fusilado na Guerra Civil. O día propio levamos a cabo, seguindo o protocolo Covid, unha actividade colaborativa conxunta baseada na reprodución, "ao noso xeito" do devandito mural que se fixo na honra deste alcalde, fusilado en agosto de 1936. Rematamos o acto coa canción "O baile da Paz" de Mamacabra. Ao mesmo tempo publicamos no blogue un xogo de Genially ["A Paz en Vigo"](#) no que nun plano da cidade sinalamos tódalas esculturas, monumentos ou murais relacionados coa PAZ e varios xogos relacionados cos mesmos. Tamén creamos un [rosco de Pasapalabra](#) con termos relacionados. E, como non, tamén preparamos na biblio unha grande exposición con libros de paz e compartimos [lecturas interactivas de paz.](#)
- Científicas en Vigo para conmemorar o Día Internacional da Muller, a nena e a Ciencia. Entrevistamos as [nais científicas da escola](#) e fixemos unhas pequenas biografías nun Genially que colgamos do blogue aberto xa nas redes para o uso de calquera. Tamén o puxemos nun expositor. O alumnado investigou sobre mulleres científicas galegas e realizou diversas exposicións orais. Paralelamente traballouse á científica Viguesa [Dolores Vilariño](#) en tódolos niveis educativos da escola.
- No [Entroido](#), a radio e o vídeo entran en acción para os mandadiños do Meco. Ademais cada un dos cursos disfrazouse do tema ao redor do cal foi experto durante este curso, todos eles relacionados con Vigo. Traballouse a figura típica do entroido en Vigo, Os Merdeiros. Tamén houbo traballo de cociña en familia, coa [receita das orellas de entroido.](#)

- O 8 de marzo, celebramos na escola o [DÍA INTERNACIONAL DA MULLER](#). Nas aulas, realizáronse moitas actividades e buscaron verbas de empoderamento dedicadas ás nosas mulleres. Con todas elas gravamos un [vídeo](#) moi fermoso coa canción “Que non mo neguen” das Tanxugueiras. Tamén preparamos uns xogos de corredor con [murais da cidade](#) cuxo tema era a Muller en dúas versións, para EI e para EP. No de Ei tiñan que atopar o mural ao que correspondía un anaco de foto e no de primaria tiñan que dicir con que profesión estaba relacionado cada un.
- Participación da festa máis importante da cidade de Vigo, a [Reconquista](#). A AAVV do Casco Vello convidounos a participar na Reconquistiña con outros 16 centros educativos da cidade. As familias prepararon os traxes, a escola tuneou os tambores e.. dende a organización preparáronse obradoiros de música para coñecer os instrumentos tradicionais, e aprender os ritmos e cancións para o día de participación na festa. Investigamos, aprendemos historia, as personaxes, as roupas,... fixemos un photocall e [participamos na festa](#) cos cursos de terceiro a sexto e primaria. O resto da escola despediunos no patio. Unha marabillosa [experiencia en inter](#) relación e coordinación con asociacións e escolas da contorna. Para o traballo documental repartimos entre o alumnado de educación infantil o libro dos Bolechas da Reconquista e entre o de Primaria o de “Operación Reconquista” doados polo Concello de Vigo.
- Preparación da horta. Escrituras cos nomes das zonas máis significativas de Bouzas, unha pequena parcela por curso, que o alumnado traballou e coidou. Cada unha das parcelas foi nomeada co topónimo dalgunha das zonas do barrio no que nos atopamos; dese xeito, poñemos o noso gran de area, na **recuperación da toponimia tradicional**. Os nomes escollidos foron: **A Bouciña, A Corredoira, Cruceiro Vello, O Castriño, A Caringosta, O Adro e A Pardaíña**. Para cada unha delas creouse un título de propiedade no que constan as súas medidas e a súa localización. Non foi usado o topónimo do lugar onde se asenta a escola **“O Resío”**.

O alumnado, organizado, limpa e prepara as hortas para sementar, chegado o tempo. Despois, da sementeira, establécense quendas de rego e limpeza de herbas, por grupos .Os nenos e nenas o único que precisan é roupa adecuada e botas de auga.

Outra cousa que non pode faltar é a cámara de fotos que lles axudará a rexistrar toda a súa actividade. Faíse uso da compostera da escola.

- Elaboración e preparación das [Xornadas de Expertos](#) (*Explicados no apartado b*).

3º Trimestre:

- [Maquetando Vigo](#). Proposta destinada ás familias de Educación Infantil e primeiro curso de primaria para elaborar maquetas de lugares representativos da nosa cidade.
- [Estendendo Vigo](#). Experiencia didáctica baseada no coñecemento da nosa cidade que xorde no desenvolvemento dunha unidade didáctica da área de expresión artística, concretamente da materia de Plástica. Partindo do libro “De acuarelas por VIGO” do artista Eduardo Baamonde, no que se poden observar distintas rúas, prazas, edificios da nosa cidade, o alumnado de cuarto, quinto e sexto curso de primaria elixe o debuxo que máis lle motiva e o reproduce ao seu xeito nunha camiseta branca. Neste traballo se vertebraron todas as competencias claves e favorecemos que os nosos alumnos se entusiasmaran traballando nel. O traballo cooperativo consistiu na creación de 139 camisetas que invadiron gran parte do andar baixo e que remataron formando parte dun xogo.

Fíxose unha proposta de traballo en familia na que se lle pediu que visitasen cos seus fillos o lugar que eles decidiron debuxar, motivóuselles para que investigasen sobre o mesmo e se incentivou para que enviasen un pequeno vídeo de non máis dun minuto no que contasen os detalles que máis lle gustasen do lugar. Todo isto complementouse coa utilización de códigos QR. O alumnado de sexto de primaria aprendeu a subir o vídeo á plataforma Youtube, e a crear o código QR. Aprenderon que é un novo xeito de



transmisión de información, e que a través deles tamén podemos acceder a distintos recursos da web. Cabe salientar a grande ilusión que tiveron na lectura dos códigos .

- [Tralas Pegadas de Jules Verne](#). Este persoeiro tan ilustre situou a nosa cidade no mapa. Logo de investigar e ler sobre J.Verne, o alumnado realizou maquetas de elementos das súas novelas para organizar unha exposición que o mesmísimo Verne veu visitar; chegou como non no Nautilus que elaboraron os rapaces de primaria no Laboratorio das Artes e das Ciencias. En cada aula traballaron un libro deste autor e prepararon unha exposición para o resto da escola. Todos os alumn@s pasan por todas as aulas coma se dun museo se tratara e no tríptico elaborado polo equipo de biblioteca para a ocasión tiveron que emparellar os cursos e títulos coas imaxes de Picolindo correspondentes
- [Festa tradicional dos maíos](#). Volvemos montar o noso Maio natural con flores e herbas silvestres que foron traídas polo alumnado logo de pasear polos montes da contorna. Durante toda a mañá se montou o maio e se fixeron grilandas naturais e de papel nas aulas. Despois, todos xuntos cantamos e tocamos a canción dos maíos e os nenos e nenas de 4º bailaron o [baile das fitas](#), tradición do Baixo Miño e que se está a recuperar na nosa cidade. Rematamos cunha actuación dun grupo de pandeireteiras/os e cantando o himno ao son da nosa particular Charanga ["Airiños do Resío"](#). Coidamos e mantemos as tradicións da nosa cidade.
- Elaboración de [CARTAZ PUBLICITARIO](#) sobre a nosa cidade. Turismo en Vigo.
- Saídas ao Porto de Vigo de todos os cursos de primaria, para celebrar o día marítimo europeo (European Maritime Day), alí, o alumnado puido coñecer o funcionamento do mesmo e a importancia que ten o porto para a nosa cidade. Non so visitaron o porto pesqueiro senón que tamén estiveron a coñecer o funcionamento do porto comercial na dársena de Bouzas, moi preto da nosa escola. Pasaron pola zona de subasta, polos viveiros .. e ata tiveron a ocasión de ver as aguias encargadas de espantar as gaivotas para que non papen os peixes que chegan á lonxa.
- Coñecemento da ría no barco científico "Nautilus", que conta con ferramentas de última tecnoloxía para estuddar a fauna e a flora do mar. Actividad organizada polo Concello de Vigo para o alumnado do sexto curso de primaria.

- Saídas ao Casco Antigo da nosa cidade para levar a cabo obradoiros temáticos sobre Jules Verne e sobre contos e lendas da cidade. A rapazada de sexto participou na ruta "As pegadas de Julio Verne en Vigo" Acompañados polo capitán Nemo, percorreron os lugares que o escritor visitaba nas súas estadas en Vigo. Os de quinto, pasearon polos lugares nos que estaban presentes as lendas da nosa cidade.
- [Viaxe fin de curso](#) para toda primaria, e como avaliación do proxecto ao Museo de Meirande e excursión guiada, con busca do tesouro pola Illa de San Simón.

d.Documentación elaborada para profesorado e alumnado.

Elaboráronse diversas publicacións de divulgación dirixidas á comunidade en distintos soportes (físicos e dixitais), todas elas explicadas e con ligazóns no apartado anterior.

Para o profesorado:

- Guía de uso da biblioteca actualizada.
- Protocolo COVID da biblioteca.
- Guía de libros e recursos sobre a nosa cidade do catálogo da biblioteca.
- Base Web Simbaloo de recursos relacionados con Jules Verne.
- Guión explicativo e de deseño da proposta de traballo do PDI anual.

Para o alumnado:


- Guía de uso da biblioteca actualizada.
- Protocolo COVID da biblioteca.
- Carta de Picolindo ao alumnado.
- Calendario Anual de Picolindo: cada páxina foi elaborada por un curso tomando como base un tema do proxecto anual. Introduciuse a utilización dos códigos QR explicando os símbolos da nosa cidade. Este calendario foi enviado ás familias como agasallo de Nadal.
- Recomendacións lectoras. Documento que foi incorporado como unha páxina máis do calendario.
- Caderno "Por Vigo vou"
- Guía Reseira de Vigo

- Caderno "No Resío poemamos Vigo"
- Traballos documentais: "Unha viaxe na nora", investigación en familia "[expertos nas parroquias](#)", en familia "[Jules Verne](#)", e "[monumento da Reconquista](#)".
- Lecturas interactivas de paz.
- Genially "Nais científicas da escola"
- Colección "Alén do Resío": libros editados polas aulas nos que se recolle a investigación que cada grupo realizou sobre o tema anual. Esta actividade leva facéndose varios anos. Deste xeito engádense as nosas propias publicacións aos fondos, en galego, da biblioteca, tentando suplir a grande escaseza de material de información adaptado á idade dos nosos alumnos na nosa lingua.
- Dicionario temático galego da nosa cidade, dentro da actividade SEMENTANDO PALABRAS xa explicada coa ficha da palabra do día.
- Colección de vídeos explicativos relacionados con lugares da nosa cidade, na exposición ESTENDENDO VIGO, convertidos en códigos QR. Tríptico xogo "Tralas pegadas de Jules Verne".
- Raña e Gaña.
- Cartaz de festas, conmemoracións e actos.
- Xogos de Pasapalabra.
- [Invitacións visita exposicións](#).
- Elaboración de programas para eventos e conmemoracións.
- Xogos de corredor e enigmas.

e.Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.

As tarefas realizadas ao longo de todo o proxecto están explicadas polo miúdo no anterior apartado c. A destacar que o alumnado foi o verdadeiro protagonista deste proxecto. "Alén do Resío" fixo descubrir e experimentar, traballar a capacidade de observación e mellorar a autonomía persoal e as habilidades sociais do alumnado. Con este proxecto, os nosos alumnos desenvolveron a capacidade de solucionar problemas en diferentes ámbitos da súa vida, formulando hipóteses e establecendo predicións. Tratouse de fomentar a capacidade de razoar. Buscando o desenvolvemento das

competencias básicas no noso alumnado integramos o PDI do Plan Anual no currículo. Contouse en todo momento coa colaboración de tódolos membros da comunidade educativa. Gráficamente, podemos explicar así as actividades desenvolvidas: PREME NAS IMAXES e SELECCIONA a actividade.



f. Recursos utilizados así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación.

Utilizáronse os recursos e espazos que ofrece a escola.

- ESPAZOS: aulas, horta, biblioteca, aula STEAM, recuncho fedelleiro, Laboratorio do Doutor Bacilus, aulas Edixgal, Laboratorio das artes e das ciencias, aula de Música, patios, ximnasio e corredores.
- ORAIS: familias, antigos mestres, alcalde, responsables municipais, veciñanza,...
- MATERIAIS: computadores, tablets, pantallas, cámaras de vídeo, de fotos, croma, impresora 3D, máquina de chapas, radio escolar, material de cociña e diverso material funxible.
- [SELECCIÓN DE FONDO BIBLIOGRÁFICO](#)
- Tamén se traballou coa información recadada na Internet.
- Os recursos Web están agrupados nun taboleiro de Symbaloo.

g.Implicación da comunidade educativa, no seu caso.

Alumnado, profesorado e familias colaboraron e implicáronse dende o primeiro día xunto coas institucións e as escolas da contorna, nalgún momento no desenvolvemento deste proxecto. Todos os exemplos de colaboración foron explicados nos apartados anteriores, pero poderíamos destacar o traballo das familias en:

- ✓ A gravación dos vídeos e audios de medo.
- ✓ As pequenas gravacións que deron pé ao vídeo en contra da Violencia de Xénero.
- ✓ A confección de adobíos da ÁRBORE DE NADAL
- ✓ A realización dunha receita de cociña, chulas de calacú e orellas na casa; gravación e difusión da mesma.
- ✓ Colaboración das nais científicas nas entrevistas e na produción do Genially na que falan sobre as súas experiencias.
- ✓ Colaboración dunha antiga alumna para a gravación do programa de radio do mes do libro celebrando a publicación do seu primeiro libro. O mesmo fixemos coa alumna de quinto curso de primaria que tamén publicou o seu primeiro libro.
- ✓ A participación na festa da Reconquistiña, coa elaboración dos traxes e a participación na festa.
- ✓ A participación na exposición Maquetando Vigo.
- ✓ A participación na grabación dos videos de ESTENDENDO VIGO.
- ✓ Cubrir o caderno "Por Vigo vou"
- ✓ Converterse en poetisas e poetas do caderno "No Resío poemamos Vigo"
- ✓ Colaboración na elaboración de maquetas "en familia" sobre Jules Verne.

Todos os mestres participaron no proxecto.

Destacar a gran axuda do Porteiro vixilante, para todas as montaxes, a destacar a da árbore de Nadal.

Os mestres da escola sentímonos orgullosos da participación de todas as entidades e persoas, xa que foron quen de facer realidade este proxecto e demostráronnos que son capaces de facer isto e moitas máis cousas.

h.Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.

A difusión dos traballos faise a través do blogue da biblioteca [O BLOGUE DE PICOLINDO](#), e tamén a través do AbalarMóbil. Cando a actividade require subir un vídeo, usamos a nosa propia canle de Youtube.

O noso traballo tamén se difunde a través de carteis, trípticos e folletos que son colocados en zonas de espera comúns e nalgunha ocasión distribuídos nos comercios da contorna.

i.Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.

Ao longo do curso o profesorado avalía as distintas producións levadas a cabo a través da observación directa do alumnado. En algúns cursos fanse dianas de avaliación e noutros, se implica ao alumnado na valoración oral das actividades. Reflexionase sobre o procedemento levado a cabo, as dificultades atopadas e as propostas de mellora.

O profesorado auto avalíase, e leva a cabo xuntanzas periódicas onde avalía os procesos realizados e busca propostas de mellora. A finais de curso elabóranse unhas enquisas avaliativas e de valoración das actividades levadas a cabo no PDI, en cada un dos sectores: alumnado, familias e mestres, a través dos formularios de Google.

l.Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.

A actividade da escola do Resío, réxese polo que acontece na biblioteca. A biblioteca é a encargada de dinamizar a vida do centro. Nela xorden as propostas de traballo para desenvolver axeitadamente o proxecto documental integrado. Non poderíamos concibir a nosa escola se non fora pola biblioteca, xa que é o piar que fai que todos vaíamos da man ao longo dos 175 días lectivos. Nela se coordina, se organiza, e cos equipos de bibliotecario e extradidacta, en definitiva, se desenvolve o proxecto.

Todo isto xunto coa creatividade do alumnado e o seu poder da imaxinación fixo que o proxecto fora un éxito.